

O Museo do Pobo Galego, galardoado co Premio Fernández Latorre

O xurado define a entidade como a configuración do sentir dos galegos como un pobo

REDACCIÓN / LA VOZ

O Museo do Pobo Galego é a institución galardoada co Premio Fernández Latorre na súa 61.ª edición. A distinción é un recoñecemento a unha longa traxectoria de traballo e esforzo a prol da cultura de Galicia no seu sentido máis amplo. A acta da reunión do xurado, que se celebrou o pasado 25 de xuño, recolle:

«El Patronato de la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, constituido en jurado para fallar el LXI Premio Fernández Latorre, instituido en memoria del fundador de La Voz de Galicia, ha acordado conceder, por unanimidad, el Premio Fernández Latorre en su edición del 2019, dotado con 10.000 euros, al Museo do Pobo Galego. El Jurado valoró en su fallo el compromiso de esta institución para promover la investigación, la conservación, la divulgación y la defensa de la cultura material e inmaterial de Galicia. Desde su nacimiento en 1976, el Museo recoge y protege el patrimonio histórico y antropológico que configura el sentir de los gallegos como un pueblo. En la actualidad, es un referente de país con proyección de futuro tras aprobarse, recientemente, una ampliación de sus instalaciones que lo dotará de nuevos espacios expositivos en 2021».

O xurado estivo constituído polas seguintes persoas: Santiago Rey Fernández-Latorre, pre-



As salas do Museo do Pobo Galego reciben unhas 60.000 visitas cada ano. XOÁN A. SOLER

sidente da Fundación; Roberto Blanco Valdés, vicepresidente; Lois Blanco Penas, José María Castellano Ríos, Salomé Fernández-San Julián Martínez, José Luis Vázquez Mariño e Luciano Vidán Martínez, patróns; José Francisco Sánchez Sánchez, patrón e director da Fundación; José María Arias Mosquera, José Arnau Sierra, Sergio Cancelo Mallo, Manuel Jove Capellán, José Carlos Martínez Pérez, Ma-

nuel Sánchez Salorio e Roberto Tojeiro Rodríguez, patróns de honra; Xosé Luís Vilela Conde, director de La Voz de Galicia; e Manuel Areán Lalín, secretario.

Desenvolvemento de Galicia

O ano pasado o Premio Fernández Latorre recaeu no presidente de Portugal, Marcelo Rebelo de Sousa, un decidido defensor e promotor das relacións bilaterais entre España e Portugal.

En edicións anteriores o galardón tamén destacou traxectorias senlleiras, tanto de personalidades como de institucións decisivas para o desenvolvemento de Galicia. Entre os máis recentes cóntanse a xurista María Emilia Casas, primeira muller que presidiu o Tribunal Constitucional, o xornalista e escritor Miguel-Anxo Murado ou o exdirector da Real Academia Española Darío Villanueva.

MUSEO DO POBO GALEGO HISTORIA

De convento desamortizado a referente etnográfico de Galicia

J. C. SANTIAGO / LA VOZ

O primeiro presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego chegou a aceptar o cargo, pero nunca tomou posesión. Ramón Otero Pedrayo faleceu en abril de 1976, tres meses antes do nacemento xurídico e da posta en marcha, un ano máis tarde, dos primeiros espazos expositivos. No 2027, o segundo ano santo da vindeira década, a institución chegará ao medio século de vida en San Domingos de Bonaval, un convento dominico de gran valor patrimonial desamortizado no XIX e cedido polo Concello de Santiago. O proxecto cultural, polo que poluíu unha xeración de mozos desde o Colexio de Arquitectos de Galicia, foi crescendo cos obxectivos de investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega en todos os seus ámbitos.

Xaquín Lorenzo, discípulo de Otero Pedrayo, foi quen de establecer a conexión histórica co intento do Seminario de Estudos Galegos de crear décadas antes o primeiro museo etnográfico de Galicia. A Xocas sucedérono no padroado Antonio Fraguas, Isaac Díaz Pardo e Justo Beramendi.

Fraguas e Carlos García Martínez desenvolveron como directores as actividades e as distintas técnicas expositivas nas salas do mar, o agro, os oficios, a música, a arquitectura, a memoria ou a tradición, entre outras temáticas. Manuel Vilar, o actual director, vai xestionar a ampliación das novas salas, con apertura prevista para o próximo ano santo, e tamén a remuda dos contidos e do relato para adaptalos aos novos tempos, xa proxectada pero sen executar. E tratará de darlle contido á encomenda da Xunta de Galicia, que por decreto do ano 1993 deu competencias ao Museo do Pobo Galego para actuar como centro de referencia para todos os museos e coleccións públicas e privadas integradas nun sistema de coordinación do patrimonio etnográfico de Galicia.

A crise económica determinou de xeito decisivo a estrutura de funcionamento dunha institución que conta cun equipo de profesionais, un amplo grupo de membros no padroado que exercen o voluntariado, un colectivo de 2.000 socios e os patrocinios e a protección de institucións públicas e privadas, que fan achegas a distintos niveis, ademais da venda de entradas. En total, as entidades públicas inxectan o 60 % dun orzamento que supera o medio millón de euros. Recibe 60.000 visitas ao ano; a metade, de escolares galegos.

Un museo de inquietudes

En 1884 dona Emilia Pardo Bazán, sempre atenta ás últimas tendencias da cultura europea, preconizaba a necesidade de recoller «esas tradicións que se perden, eses costumes que se esquecen e eses vestixios de remotas idades que corren perigo de desaparecer para sempre [...] non co fin de poñer outra vez en uso o que caeu en desuso [...], [senón coa intención de] conservar a súa memoria e formar con eles, por dicilo así, un museo universal». A iniciativa retornou unha e outra vez, ata que o Seminario de Estudos Galegos crea en 1930 un museo etnográfico que a Guerra Civil veu truncar.

A comezos do ano 1976 conflúen as ansias democráticas dunha xeración nova que, desde o ámbito universitario e profesional, mantivera acceso o facho nas postremas da ditadura e as esperanzas inquebrantables dalgúns membros aínda activos do galeguismo republicano. A conxuntura era, decididamente, propicia, e o padroado constituído para crear un museo do pobo galego tivo a sorte de contar co beneplácito do al-

calde de Compostela, Antonio Castro, e do ministro de Cultura, Pío Cabanillas. A sintonía dos fundadores coas autoridades dun réxime en vías de extinción fixo posible a cesión do antigo convento dominico de Bonaval e a achega dos recursos para iniciar a súa rehabilitación. Non faltaba máis que botar a andar o museo.

Don Xaquín Lorenzo e don Antonio Fraguas, primeiros presidente e director, respectivamente, caracterizárono como un museo de inquietudes. A clave do proxecto cifraba na necesidade de rexistrar, conservar e expoñer os trazos dunha sociedade en transformación, para ben e para mal, e no desafío de afianzar a identidade da Galicia nova. Eran moitas as expectativas e, pouco a pouco, fóronse tornando realidades tanxibles. Ao compás da rehabilitación do conxunto de Bonaval sucedíanse as salas temáticas, os servizos socioculturais e os espazos abertos a outras entidades e colectivos. Ao tempo, íase formando o equipo profesional que constitúe a noz, pequena pero densa, do traballo cotián.

O camiño non estivo exento de dificultades, pero sempre contou co recoñecemento das institucións e da comunidade. No 2007

a corporación municipal compostelá conceleulle ao Museo do Pobo Galego a Medalla de Ouro ao Mérito cultural. Ao ano seguinte, o Premio Nacional da Cultura Galega recoñecía tres décadas de labor no ámbito da cultura popular e de base.

O Premio Fernández Latorre vén ratificar que o Museo do Pobo Galego mantén a súa razón de ser, unha realidade moi gratificante para o amplo colectivo humano que o sustenta e, singularmente, para as persoas que permanecemos desde aquel afastado 1976. Despois de corenta e dous anos, e en trazo de renovación e ampliación, xa non ten aquela urxencia por recoller os trazos materiais e intanxibles da cultura tradicional, senón a de integrais no presente para que sirvan á misión de nutrir a esencia de Galicia. Quere ser un museo de identidades, porque a identidade non é única nun pobo que pasou de emigrar a acoller migrantes; un país de galegas e galegos de toda condición e con capacidades diversas.

O Museo do Pobo Galego simboliza a nosa historia e é unha referencia de cara ao futuro. Nese propósito converxen os afáns das Administracións, das institucións da cultura e da sociedade á que, en definitiva, se debe.

María Xosé Fernández Cerviño

Patroa do Museo do Pobo Galego

PREMIO FERNÁNDEZ LATORRE

JUSTO BERAMENDI GONZÁLEZ PRESIDENTE DO PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO

«O fío do museo é o galeguismo, que a identidade colectiva non se perda»

Catro décadas despois de bautizalo, encabeza o traballo colectivo do espazo expositivo máis singular de Galicia

JUAN CAPEÁNS

SANTIAGO / LA VOZ

Justo Beramendi (Madrid, 1941) é a primeira e única testemuña que viviu o momento primixenio, a idea orixinal, do Museo do Pobo Galego, ao que por certo lle puxo o nome, e semella que con bastante acerto. Un proxecto con máis de 42 anos que naceu nun momento no que a política e os cambios sociais, vertixinosos, ían moi por diante da cultura ou a identidade, asuntos de máxima fragilidade.

—Que significa para vostede, como presidente do Padroado, o Premio Fernández Latorre?

—Sentímonos honrados e agradecidos polo premio da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. Pero que conste que o colectivo ao que hai que darlle os parabéns é moi amplo.

—Fala do museo en plural polo sentido colectivo que sempre tivo o proxecto. A quen lle chega máis este recoñecemento?

—Traballadores remunerados son unha ducia, poucos para o tamaño que temos. E logo estamos os membros do Padroado, dos que moitos somos voluntarios. Isto non funcionaría se non houbera moita xente que ofrece o seu tempo e coñecemento, que axuda na biblioteca, no arquivo, que prepara as actividades... E tamén están os socios, que son dous mil. Eles son as raíces que dan a capilaridade social. O Padroado son medio cento de persoas físicas e máis de vinte insti-



Beramendi, nas escaleiras deseñadas por Domingo de Andrade en San Domingos de Bonaval. XOÁN A. SOLER

tucións, as máis relevantes de Galicia. E os que xa non están, claro.

—Con máis de 42 anos de vida, a lista ten que ser longa.

—Si, e senlleira. Empezando por Ramón Piñeiro, Xerardo Fernández Albor, Xoaquín Lorenzo, Xocas, Antonio Fraguas, Domingo García-Sabell, Antonio Rodríguez Fraiz...

—Que os une a todos eles?

—O fío do museo é o galeguismo basal, que a identidade colectiva dos galegos e as galegas non se perda. Que se conserve o que foi para que siga sendo no futuro, por riba de diferenzas ideolóxicas ou políticas. Ese é o noso obxectivo.

—O Museo naceu nun momento politicamente intenso e complexo. Como o superou?

—Conseguimos crear unha institución plural, unida por esa lealdade a Galicia como entidade diferenciada doutros pobos. Esa idea transversal, que semellaba

utópica no ano 76, saíu adiante e enraizou, e se algo conseguimos foi o respecto e o agarimo da sociedade, un querer que isto siga existindo.

—Non houbo tentacións de apropiación indebida?

—Non. Está recollido nos estatutos: no Museo non se poden facer actividades políticas ou sindicais. O obxectivo é preservar e promover o ser diferenciado de Galicia, pero por riba das diferenzas políticas. Se tomamos partido, perdemos a razón de ser de defender o conxunto, e eu creo que esa é unha das claves da persistencia da iniciativa. E probablemente a xustificación dun apoio que non é unánime, porque é imposible, pero si moi maioritario.

—Vendo agora as denominacións dalgúns museos e centros de arte podemos confirmar que o nome foi un acerto total.

—Non quero poñerme medallas, pero o nome, Museo do Pobo Ga-

lego, propúxeno eu. Ao principio foi estraño. Había moitas reticencias porque soaba a Unión do Povo Galego (a UPG, o partido hegemónico do BNG), e iso xerou resistencias.

—Vostede estivo implicado desde o primeiro minuto.

—Todo isto empezou por casualidade en 1976, nun xantar que tivemos o arquitecto Rafael Baltar, Carlos García Martínez, quen logo foi o director máis lonxevo, e mais eu. Daquela os tres traballabamos no Colexio de Arquitectos e paramos en Vilanova, no Chocolate, tras unha visita. Nos cafés saíu o tema de que Galicia non tiña un museo antropolóxico, a pesar da súa personalidade. Sabíamos que fora unha arela dende mediados do XIX, e tamén por parte do Seminario de Estudos Galegos, por iso trasladamos a inquedanza ao COAG, que acolleu moi ben a iniciativa. Non tardamos en formar o Padroado.

«Temos un proxecto para unha reformulación total da exposición»

Beramendi cre que as axudas públicas serán determinantes para que o Museo do Pobo Galego viva unha próxima «idade de ouro e non de chumbo», cunha ampliación de espazos que quere dar un novo pulo á proposta expositiva e que chegará a tempo para o Xacobeo 2021.

—Fala do apoio público nunha entidade que non o é.

—Somos unha cousa moi rara. Nin somos públicos nin somos totalmente privados. Temos unha estrutura insólita no panorama museístico, e somos a única entidade que aparece con nomes e apelidos nos Orzamentos da Xunta, desde o ano 1990.

—Precisan de máis apoio da sociedade civil?

—O que non hai é unha cultura do mecenado de verdade. Unha institución coma esta nos Estados Unidos ou Gran Bretaña tería moitas máis axudas. Agora é máis doado conseguir apoios para actividades puntuais que para a actividade continuada.

—En que momento chega este recoñecemento?

—Estamos nun momento de transición entre dous ciclos, porque imos dar un salto en contidos coa ampliación. Hai dez anos fixemos un proxecto de reformulación total do museo baseada na historia de Galicia, ou sexa que xa temos un relato para facer unha nova instalación museográfica.

—Unha adaptación ao século XXI?

—Sabemos que o museo está anticuado. Temos que modernizar as técnicas expositivas, mesmo o relato. Iso está pensado, pero non podemos facelo de momento. Este museo fíxose a cachos, cando houbo cartos, por iso falta un traballo integral para actualizar as técnicas expositivas.

—Como pode o Museo do Pobo Galego estar máis presente en Galicia?

—Impulsamos o Consello Galego de Museos, pero hai que admitir que non funciona como é debido. Temos claro que nos museos etnográficos ten que haber máis coordinación, pero somos tan poucos para facer tanto que está todo un pouco parado. O reto pendente é ter maior presenza máis alá de Santiago, incluso establecendo sucursais alí onde non haxa museo etnográfico.

—Hai garantía de relevo?

—É outro tema do que nos preocupamos, porque os fundadores, os que quedamos, xa estamos na porta de saída. Procuramos que no Padroado entre xente máis nova, pero tampouco hai que facelo sen criterio. Ser do Padroado require certo perfil. Aquí pagas, non cobras, e así é difícil ter éxito nas novas xeracións. Con todo, está garantido, si.

«Os vellos achegaron prestixio e os máis novos, traballo»

Nos comezos, os impulsores do Museo do Pobo Galego eran novos, e tiñan pulo, pero buscaron o apoio dos vellos e sabios.

—A única condición era ter unha actitude galeguista, de dereitas ou de esquerdas, pero galeguista, e por iso había dúas xeracións: dun lado, os vellos galeguistas, e do outro, os novos. Houbo un reparto de funcións. Os históricos trouxeron prestixio e capacidade de relación institucional, e nós achegamos traballo e ganas de aprender. E así, aos poucos, montamos o que hoxe temos.

—Fala de anos preconstitucionais. Como foron daquela as relacións coas institucións?

—Nin había Constitución nin Xunta, claro. Pero, curiosamente, as relacións foron boas. Entón eramos un pouco vermellos, un pouco bastante, pero cando constituímos o Padroado falamos co que era daquela concelleiro de Cultura de Santiago, Francisco Puy, o cuñado de Manuel Fraga, e tanto el como o alcalde, Antonio Castro, que era persoa moderada, sintonizaron moi ben con nós a pesar da dura polémica en-

tre o Concello e o Colexio de Arquitectos pola derruba do edificio Castromil, que aínda estaba quente. Pero cederon o edificio de Bonaval. En Madrid tamén tivemos a colaboración do ministro de Cultura, que era o galego Pío Cabanillas. Entre todos atopamos os cartos, non moitos, para arranxar os locais e abrir as primeiras salas en 1977. Despois, coa Xunta de Galicia, as cousas cambiaron de xeito cualitativo e sempre tivemos unha relación boa ou, como mínimo, aceptable, pero sempre con certo apoio.

—Houbo fraquezas?

—Estamos sempre no fío da navalla, nun nivel de supervivencia. Por exemplo, hai dúas salas que só abrimos por encargo, porque non temos persoal.

—E risco de desaparición?

—Non, pero coa crise económica estivemos a piques de facer un ERE de redución de xornada. Conseguimos salvarlo porque compensamos a baixada da axuda pública cobrando entradas e facendo unha campaña de socios entre empresas, con boa vontade, pero resultados mediocres.